

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 5 de agosto de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. David Regades Fernández  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e quince minutos do día cinco de agosto de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a interventora xeral acctal., Sra. Hernández Vidal, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(815).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta das sesións ordinaria do 01 de xullo, extraordinaria e urxente do 04 de xullo, ordinaria do 08 de xullo, dúas extraordinarias e urxentes do 08 de xullo, ordinaria do 15 de xullo e extraordinaria e urxente do 15 de xullo de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(816).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPOS PC'S DE SOBREMESA, MONITORES E TABLETAS. EXPTE. 7854/113.** Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.07.16 e o informe de fiscalización do 4.08.16, dáse conta do informe-proposta do 8.07.16, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, o concelleiro delegado de Economía e Facenda e o concelleiro de Administración Electrónica, que di o seguinte:

Mediante resolución de data 20/06/2016, o Concelleiro delegado de Administración Electrónica autorizou o inicio do procedemento de contratación do subministro de "Ordenadores persoais, pantallas e tabletas".

No expediente en tramitación, ata o de agora figuran incorporados os seguintes documentos:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación, asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica en data 20/06/2016.
- Resolución de inicio do expediente de contratación do Concelleiro Delegado de Administración Electrónica do 20/06/2016.
- Prego de prescricións técnicas particulares, asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica o 22/06/2016.
- Memoria xustificativa do contrato, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica o 22/06/2016.
- Informe da Xefa do servizo de Contratación sobre o cumprimento dos requisitos legais mínimos para a tramitación do contrato, asinado 22/06/2016.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o 22/06/2016.
- Informe xurídico favorable respecto ao prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Xefa de Asesoramento, e pola Titular da Asesoría Xurídica Municipal o 04/07/2016.

Os elementos básicos do contrato, tal e como figuran recollidos e desenvolvidos nos documentos que forman parte deste expediente son os seguintes:

- O seu obxecto é o subministro de ordenadores persoais,, pantallas e tabletas.
- O importe do contrato é de 50.000,00 € que se imputan á partida 9207.6260000

A competencia para a resolución do presente expediente corresponde á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa calidade de órgano de contratación segundo dispón a Disposición Adicional segunda (punto 3º) do R.D.L. 3/2011. Respecto á motivación da resolución que aproba o expediente, a constancia da documentación acreditativa da necesidade e axuste a dereito da contratación abonda para cumprila (STS 14/09/2012 e SSTC 146/1990, sobre motivación por remisión).

## PROPOSTA

Atendendo ao anteriormente exposto, e previo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local o seguinte Acordo:

1. A aprobación do expediente de contratación, polo procedemento aberto con publicidade, para o subministro de ordenadores persoais, pantallas e tabletas.
2. A aprobación do Prego de prescricións técnicas, de data 22/06/2016, e o Prego de cláusulas administrativas particulares redactado polo Servizo de Contratación e asinado o 22/06/2016, para a contratación do subministro de ordenadores persoais , pantallas e tabletas.
3. A aprobación do gasto por importe de 50.000,00 €, (correspondendo ó Imposto sobre o Valor Engadido 8.677,69 €) con cargo á partida 9207-6260000 (EQUIPOS INFORMATICOS) do exercicio 2016:

4. *A apertura do procedemento de contratación segundo os trámites recollidos na normativa vixente.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(817).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS CARA Á INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA, INMIGRANTE E OUTRAS PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN. EXPTE. 129301/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 2.08.16, asinado polo xefe da Área de Política Social, a xefa de Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Política Social e o secretario xeral do Pleno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*1.1. O 18 de xullo publicouse a ORDE do 4 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2016-2017, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo 2014-2020.*

*1.2. Esta orde ten por obxecto o establecemento de subvencións ás corporacións locais en réxime de concorrencia competitiva dirixidas á construción, reforma, adaptación e equipamento de centros de inclusión e emerxencia social e unidades funcionalmente vinculadas, así como ao desenvolvemento de programas polos servizos sociais de titularidade municipal que teñan por finalidade á inclusión sociolaboral de colectivos de elevada vulnerabilidade a exclusión social e laboral.*

#### *1.3. Tipoloxía das subvencións*

*1. Subvencións ao investimento en centros de inclusión e emerxencia social e unidades funcionalmente vinculadas. Estas poderán adoptar dúas modalidades:*

*a) Construción, ampliación, reforma, mellora e adaptación de elementos de carácter estrutural que melloren substancialmente a calidade do servizo que se vai prestar.*

*b) A adquisición e instalación de equipamento e moblaxe, así como a adquisición de vehículos de transporte vinculados á prestación dos servizos propios do centro, excluídos expresamente os vehículos turismos.*

*2. Programas dirixidos á inclusión sociolaboral de colectivos de elevada vulnerabilidade á exclusión social e laboral, programas que poden adoptar as seguintes tipoloxías:*

*a) Programas dirixidos á inclusión social da poboación xitana.*

b) *Programas dirixidos á inclusión social da poboación inmigrante.*

c) *Programas dirixidos á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social.*

d) *Programas complementarios de educación e apoio familiar dirixidos á inclusión social dos menores a cargo.*

*Cada tipoloxía de programa será solicitada no seu correspondente anexo (do III ao VIII), en que se sinalarán a intervención social que se realizará e as súas accións complementarias, nas cales se especificará a natureza destas e demais datos relevantes para a resolución que lle sexan exixidos.*

*1.4.O Concello de Vigo xestiona o Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social que cumpre coa tipoloxía 1.a) e 1.b). e xestiona programas incluídos nas tipoloxías 2*

*1.5.Entendemos que O Concello de Vigo cumpre cos requisitos para solicitar a subvención nas tipoloxías anteriormente citadas.*

*1.6.Entre a documentación a presentar se inclúe “Certificación da entidade en que conste o acordo ou resolución da entidade local de solicitar a subvención”.*

#### PROPOSTA DE ACORDO

*Visto o que antecede e a normativa aplicable propónse á XGL, a adopción do seguinte,*

#### «ACORDO

*PRIMEIRO: Solicitar a subvención o abeiro da Orde do 4 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2016-2017, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo 2014-2020. .*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(818).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN INTEGRAL NA XESTIÓN RECADATORIA. EXPTE. 16026/541.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.07.16, dáse conta do informe-proposta asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, con data 28.07.16, que di o seguinte:

*A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 27 de xullo de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

## 8.- Proposta de adxudicación

- a) *Procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración integral na Xestión Recadatoria (16026-541)*

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSF).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración integral na Xestión Recadatoria (PCAP).*

### ANTECEDENTES

*Primeiro.- En data 15 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación dos servizos bancarios para a colaboración integral na recadación dos ingresos Patrimoniais e de Dereito Público do Concello de Vigo e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.*

*Segundo.- En data 8 de xullo de 2016, a XGL adoptou o seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Clasificar as ofertas presentadas ao procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración integral na recadación e servizos de pagamento. (expediente 16026-541), de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no seguinte orde decrecente:*

#### *1.- ABANCA COORPORACION BANCARIA S.A.*

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ABANCA COORPORACION BANCARIA S.A.. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSF):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resgardo da garantía definitiva por importe de 6.000 euros de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro: Requiritur ao citado licitador o aboamento de 924,80 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación"*

*Cuarto: .Aceptar a condición de entidades colaboradoras unha vez que se asine o convenio aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 15 de abril de 2016, ás entidades financeiras seguintes:*

- *BANCO POPULAR ESPAÑOL, S.A.*
- *BANCO PASTOR, SAU.*
- *BANCO SANTANDER, S.A.*
- *BANCO DE SABADELL, SA*

*Terceiro.- En data 12 de xullo de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, ABANCA COORPORACION BANCARIA, S.A., que presenta a documentación requirida en data 18 de xullo de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto. Se ben, dado que a declaración do cumprimento do ratio "core capital" acordado por Basilea III (cet1 en base ás súas contas anuais do ano 2015 non se presentou asinada e que faltaba a designación de delegado coas funcións da cláusula 26.8 do PCAP, a Mesa, na sesión de 20 de xullo concedeulle un prazo de emenda de tres días.*

*En data 22 de xullo o licitador presenta no Rexistro Xeral a documentación requirida.*

*Cuarto.- A Mesa de Contratación, na sesión de data 27 de xullo, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.*

#### *FUNDAMENTOS XURÍDICOS*

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

*Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.*

*Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

*A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ABANCA COORPORACION BANCARIA, S.A., tal e como desprendese do informe de valoración da oferta técnica e económica, do Tesoureiro de datas 15 de xuño de 2016.*

*Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Adxudicar a ABANCA COORPORACION BANCARIA, S.A., o procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración integral na Xestión Recadatoria (16026-541) por un prazo de 4 anos, para prestar os servizos de colaboración integral na xestión recadatoria do Concello de Vigo, prestación de servizos bancarios de pagos e apertura dunha oficina institucional coas seguintes condicións:*

- 1. Propón un canon polo uso privativo da oficina institucional de 15.000 euros/ano.*
- 2. Propón unha contía anual de 100.000 euros destinada á emisión de recibos, ensobrado e a súa notificación.*
- 3. Oferta unha retribución para as contas a prazo fixo que o concello apertura durante a vixencia do contrato de 15 puntos básicos por enriba do coste de financiamento do Estado a 12 meses (prazo das IPF-12 meses).*
- 4. Que dispón de 55 sucursais ou oficinas operativas no ámbito territorial do concello de Vigo.*
- 5. Que dispón de 56 caixeiros automáticos de última xeración no ámbito territorial do Concello de Vigo.*
- 6. Oferta unha retribución para as contas operativas de 20 puntos básicos por enriba do coste de financiamento do Estado a tres meses, sen custes de cancelación anticipada, en condicións de liquidez e seguridade (prazo de tres meses).*
- 7. Propón unha contía anual de 35.000 euros para o cofinanciamento da campaña de publicidade anual para fomentar a domiciliación de recibos.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(819).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “III CARREIRA 24 HORAS DE VIGO” OS DÍAS 27 E 28 DE AGOSTO. EXPTE. 15043/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo e xefe da Unidade técnico Deportiva, do 2.08.16, conformado polo secretario xeral do Pleno e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

### 1.- ANTECEDENTES:

A entidade Club Deportivo Castrelos 20.30, con CIF (G27756063), solicitou o día 20-04-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 160050012), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: III CARRERA 24 HORAS DE VIGO
- Data: 27 e 28 DE AGOSTO DE 2016
- Horario: 12.00h do 27 agosto ata 12.00h di 28 de agosto

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar os vindeiros días, sábado 27 e domingo 28 de agosto de 2016; a carreira comezará o sábado 27 ás 12.00h e rematará ás 12.00h do domingo 28, a proba se desenvolverá integramente no Parque de Castrelos.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local
- Montes, parques e xardíns
- Seguridade
- Limpeza
- Festas
- Protección civil

### 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Deportivo Castrelos 20.30, con CIF(G27756063), a organizar a proba deportiva denominada III CARRERA 24 HORAS DE VIGO os vindeiros días 27 e 28 de agosto de 2016; a carreira comezará ás 12.00h do sábado 27 e rematará ás 12.00h do domingo 28, esta proba se desenvolverá integramente no Parque de Castrelos.

### **Acordo**



A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(820).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “XLIII GRAN PREMIO CICLISTA CIDADE DE VIGO” OS DÍAS 27 E 28 DE AGOSTO. EXPTE. 15218/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo e xefe da Unidade técnico Deportiva, do 2.08.16, conformado polo secretario xeral do Pleno e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES:**

*A entidade Club Ciclista Vigués, con CIF (G-36650885), solicitou o día 15-12-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 150161019), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: XLIII GRAN PREMIO CICLISTA CIDADE DE VIGO*
- *Data: 27 e 28 DE AGOSTO DE 2016*
- *Horario: DE 17.00H A 20.30(sábado 27) e de 9.30h a 14.00h (domingo 28).*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar os vindeiros 27 e 28 de agosto ; a proba do sábado 27 de agosto comezará ás 17.00h e rematará ás 20.30h; percorrendo pola rúa García Barbón, República Argentina e prolongación do Calexón Miragalla, e o domingo 28 haberá dúas probas a primeira que saírá ás 9.30h da Porta do Sol, para seguir pola rúa do Príncipe, López de Neira, Progreso, Paseo de Granada, Marqués de Alcedo, Manuel Olivié para rematar no Castro ás 11.30h a segunda proba que comezará ás 11.35h dende o cruce de Camelias/Venezuela, Marqués de Alcedo, Manuel Olivié, volta o circuíto do Paseo do Cedros, Paseo Cronista Alvarez Blázquez, Manuel Olivié para rematar no Castro ás 14.00h.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local*
- *Seguridade*
- *Protección civil*

**2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao*

concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Ciclista Vigués, con CIF (G-36650885), a organizar a proba deportiva denominada XLIII GRAN PREMIO CICLISTA CIDADE DE VIGO os vindeiros días 27 e 28 de agosto de 2016. A proba do sábado 27 comezará ás 17.00h e transcurrirá pola rúa García Barbón, República Argentina e prolongación do Calexón Miragalla, e o domingo 28, haberá dúas probas a primeira que saírá ás 9.30h da Porta do Sol, para seguir pola rúa do Príncipe, López de Neira, Progreso, Paseo de Granada, Marqués de Alcedo, Manuel Olivié para rematar no Castro ás 11.30h, a segunda proba que comezará ás 11.35h dende o cruce de Camelias/Venezuela, Marqués de Alcedo, Manuel Olivié, volta o circuíto do Paseo do Cedros, Paseo Cronista Álvarez Blázquez, Manuel Olivié para rematar no Castro ás 14.00h.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(821).- PROPOSTA DE SOLICITUDE AO CENTRO ASOCIADO DA UNED, DE AMPLIACIÓN DE GRADOS UNIVERSITARIOS NA AULA UNED DE VIGO. EXPTE. 17054/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.07.16, o informe do director Superior Contable e Orzamentario, do 27.07.16, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Educación, do 27.07.16, conformado pola concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Economía e Facenda, que di o seguinte:

1.- En data 01-04-2016 o Técnico de actividades culturais e educativas emite o seguinte informe:

#### **“ANTECEDENTES**

- Danse por reproducidos os antecedentes contidos no acordo da Xunta de Goberno Local de 28/08/2015 (expte. 17054/332)

- Na parte expositiva do acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/08/2015 de solicitude de ampliación dos graos universitarios a impartir na Aula UNED Vigo (expte. 17054/332), indícase, que o procedemento a seguir será o seguinte:

- Aprobación inicial pola Xunta de Goberno Local da solicitude dos novos graos
- Notificación do acordo ao Centro Asociado da UNED en Pontevedra
- Resolución do Patronato do Centro Asociado tralos informes técnicos que correspondan da Dirección da UNED en Pontevedra
- Aprobación definitiva da Xunta de Goberno Local
- Consignación nos orzamentos municipais de 2016 das cantidades necesarias para afrontar os gastos relacionados co programa de implantación, dentro das partidas existentes no programa presupostario Educación-UNED

- A Xunta Rectora do Padroado do Centro Asociado da UNED en Pontevedra de 13 de Outubro de 2015 acordou:

*“Aprobar a implantación progresiva na Aula Universitaria da UNED en Vigo do Grado de Estudos Ingleses: lingua, literatura e Cultura, Grado en Administración e Dirección de Empresas, Grado en Ciencias Ambientais, Grado en Psicoloxía, Grado en Ciencia Política e da Administración, Grado en Pedagogía, Grado en Xeografía e Historia e Grado en Historia da Arte, a partir do curso académico 2016/2017”.*

Na mesma sesión, esa Xunta Rectora acordou así mesmo: *“Aprobar o traslado das instalacións da Aula Universitaria da UNED en Vigo, situadas actualmente na rúa San Vicente, nº 3, 362002 de Vigo, ao Auditorio Mar de Vigo, condicionado ao visto e prace por parte da UNED ás novas instalacións”.*

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria de data 10/12/2015 (expte. 16240/332), acordou:

Primeiro.- *Aprobar a contratación do aluguer das tres plantas da zona complementaria da obra pública, “Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo”, inicialmente previstas para oficinas e seis prazas do aparcadoiro sito no soto do edificio, para o emprazamento da nova sede da Aula UNED en Vigo e a súa sala de estudo, que estará aberta ao público en xeral; superficies que se especifican no texto do contrato que segue ao presente acordo.*

Segundo.- *Concertar de modo directo o aluguer coa concesionaria da obra pública “Pazo de Congresos de Vigo, S.A.” habida conta as esixencias urbanísticas da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario e a especial idoneidade do inmovible a alugar.*

Terceiro.- *Autorizar ao indicado fin, con imputación ás aplicacións orzamentarias núms. 3231.2020000 e 3331.2020001 de Educación e Equipamentos Culturais, o gasto a que dará lugar a execución do contrato durante o prazo pactado no mesmo de vinte anos a contar da súa sinatura, sen prexuízo das eventuais prórrogas que poidan ter lugar, a razón de 657.223,84 euros ao ano —seiscentos cincuenta e sete mil, dous centos vinte tres euros, con oitenta e catro céntimos— (IVE incluído), coas actualizacións de renda que resulten da aplicación da variación anual do índice de prezos do aluguer de oficinas, a nivel autonómico, publicado polo Instituto Nacional de Estadística, a data de cada revisión, tomando como trimestre de referencia o que corresponda ao último índice publicado na data de revisión do contrato e, ata que se publique o índice de aluguer de oficinas, previsto no artigo 4 da Lei 2/2015, de 30 de marzo, de Desindexación da Economía Española, o índice de prezos de aluguer da vivenda do Índice de Prezos de Consumo do Instituto Nacional de Estadística, a nivel da provincia de Pontevedra, tomando como referencia o correspondente ao terceiro mes anterior á data de actualización.*

Cuarto.- *Aprobar o contrato de arrendamento e os pactos e cláusulas administrativas e técnicas que o integran e que haberán de rexer o aluguer, conforme ao texto que segue: (segue o contrato)*

INFORME

No acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/12/2013, polo que se aprobaba a adenda ao Convenio inicial polo que se creaba a Aula UNED de Vigo e na que se daba cobertura á primeira aprobación de novos grados universitarios (Expte.- 15472/332), recóllese que:

4. A determinación definitiva dos graos e cursos a implantar, realizarase de común acordo entre as partes asinantes do Convenio, previa solicitude formal dunha delas, co previo informe da Dirección do Centro UNED de Pontevedra e coa aprobación final do Padroado deste Centro e da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.”

Neste informe incorporase un cadro financeiro elaborado polo Técnico de actividades culturais e educativas atendendo aos datos base subministrados pola administración da UNED de Pontevedra, no que se recolle a cantidade estimada para o ano 2016, correspondente a coordinación, titoría e gastos de material e xestión tanto do curso de acceso como dos grados implantados no curso 2014-2015 e dos novos grados que se iniciarían en setembro de 2016 é de 125.236,41 €.

2.- No expediente consta informe xurídico do Secretario da Administración Municipal de 02-06-2016 no que se di “Examinado o expediente e o informe proposta do técnico superior de Cultura e Educación, conformada pola concelleira-delegada de Educación, no que se di que a petición realízase ao abeiro do Convenio vixente co Centro asociado da UNED, asinada polas partes en ADENDA num 1 (do 22 de xullo de 2014) ao convenio entre o Centro Asociado de Pontevedra á UNED e o Concello de Vigo aprobado pola Xunta de Goberno local de 11 de outubro de 2012, que di que a determinación definitiva dos grados e cursos a implantar realizarase de común acordo entre as partes asinantes do Convenio, previa solicitude formal de unha delas, con previo informe da Dirección do Centro Asociado UNED de Pontevedra e coa aprobación final do Padroado deste Centro e da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, o funcionario que subscribe, considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación definitiva dos novos grados universitarios e a aprobación do gasto e cadro financeiro subseguinte, en relación cos custos derivados dos compromisos económicos recollidos no convenio vixente entre o Concello de Vigo e o Centro Asociado da UNED, informa favorablemente a súa aprobación.”

3.- Sometido o expediente a fiscalización o Interventor Xeral emite en data 29-06-2016 informe no que entende que pode continuarse coa tramitación do expediente, se ben fai algunhas consideracións:

- Que non procede aprobar o cadro financeiro xa aprobado pola Xunta de goberno Local en data 13 de decembro de 2013.
- En relación ao cadro financeiro dos novos grados a implantar, non están incluídos os gastos de bibliografía dos novos grados (8.000 euros anuais).
- Pon de manifesto que existen diverxencias entre o “Informe de custos estimados derivados da implantación dos novos grados na Aula Universitaria da UNED en Vigo” elaborado polo Negociado de asuntos económicos da UNED, e o cadro financeiro que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local.
- En relación ao crédito dispoñible para a financiación dos gastos indicar que na aplicación orzamentaria proposta, 3231-489.00.00 o crédito dispoñible é na actualidade de 100.000,00€, que se completa coas cantidades a favor do Concello de Vigo resultantes da conta xustificativa do ano 2015 por importe de 27.605,56€ que serán obxecto do correspondente procedemento de compensación, segundo se fai constar no propio informe-proposta. En aplicación do principio contable do orzamento bruto,

*na contabilidade municipal deberá reflectirse o importe íntegro dos gastos realizados, sen minoración algunha, polo que a retención de crédito na aplicación citada debería practicarse por 97.630,85 euros que resulta de minorar o gasto total autorizado polo saldo a favor do Concello de Vigo, e contabilizar asimesmo o gasto e o ingreso que vai ser obxecto de compensación. En calquera caso, este extremo debe ser verificado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación.*

- *Que se debe recoller na parte dispositiva do acordo o compromiso de Xunta de Goberno Local de consignar nos vindeiros exercicios orzamentarios os créditos necesarios para facer fronte as anualidades futuras.*

*4.-Atendendo as observacións postas de manifesto pola Intervención Municipal o Técnico de Actividades Culturais e Educativas en data 04-07-2016 emite novo informe:*

*“ En relación con estas observacións INFÓRMASE*

- *Elimínase no presente informe o cadro xa aprobado pola Xunta de Goberno Local de 13/12/2013, se ben se mantén a columna correspondente a 2016, aos efectos de contabilizar a cantidade total que debería, se é o caso, ser retida neste exercicio (Curso de acceso e grados aprobados con anterioridade e actualmente impartíndose, máis estimacións de custos para os novos grados obxecto do presente expediente) e que debería servir de base para librar a aportación municipal á UNED que corresponde a este exercizo.*
- *A non incorporación da Bibliografía á totalidade do gasto anual correspóndese cun erro no uso da folla de cálculo usada como instrumento para a elaboración do cadro e corríxese neste novo informe. Por este motivo, incorpórase o cadro corrixido neste aspecto. O cadro segue a ter o seu horizonte temporal en 2020 (ano no cal estarían --de iniciárense no presente curso 2016-2017-, implantados en todos os seus niveis tódolos grados).*
- *Respecto á distribución anual do gasto en relación co cadro remitido pola UNED:*
  - *Débese ter en conta que o cadro aportado pola UNED divídese o gasto estimado por anos académicos e non naturais. Para adaptalo á anualidade presupostaria municipal, calculouse unha relación 4/meses (setembro-décembro do ano considerado) e 6/meses (xaneiro-xuño do ano seguinte) para dada curso indicado pola UNED, adecuando as cantidades resultantes ao ano presupostario. Dese cálculo xorden as cantidades contidas no noso cadro presupostario (que, unha vez adaptado, son plenamente coincidentes, como non podía ser doutro xeito, coas aportadas na documentación remitida pola UNED que obra no expediente). Xa que logo, mantense coa mesma distribución (aumentando o xa citado da incorporación anual dos gastos de bibliografía dos novos grados)”*

*A este informe incorporase un novo cadro financeiro do que resulta que o total a consignar para este exercicio 2016 é de 133.236,41 €.*

*5.- O orzamento estimado para o ano 2016 é unha previsión de máximos, dende a subscrición do convenio vixente entre este Concello e a UNED os gastos xustificadas por esta sempre foron inferiores a cantidade presupostada en cada exercicio resultando tódolos anos un saldo a favor do Concello de Vigo, polo que se solicitou á dirección da UNED en Vigo que de ser posible axustase o presuposto previsto para este exercicio facendo unha estimación máis axustada as previsións reais.*

En data 22 de xullo de 2016 (doc. 160101371) o Centro Asociado da UNED en Pontevedra emite informe suscrito polo Xefe do Negociado de Asuntos Económicos no que detalla o orzamento para o ano 2016 axustado as previsión reais co seguinte contido:

**“Nuevos Grados Universitarios**

El coste de la implantación de los nuevos grados universitarios que comenzarán en octubre de este mismo año, su gasto quedará ajustado conforme al siguiente detalle:

GRADOS	EUROS
Ciencias Ambientales	1.674,27 €
Estudios Ingleses	1.674,27 €
Psicología	1.674,27 €
Administración y Dirección de Empresas	1.674,27 €
Pedagogía	0,00 €
Geografía e Historia	558,09 €
Historia del Arte	1.116,18 €
Ciencias Jurídicas y de la Administración Pública	1.674,27 €
Bibliografía Básica de los mismos	8.000,00 €
<b>TOTAL COSTE NUEVOS GRADOS</b>	<b>18.045,62 €</b>

**Curso de Acceso para mayores de 25 años:**

El coste previsto, realizado una estimación ajustada en este apartado, quedaría tal y como se refleja en el siguiente cuadro:

CURSO DE ACCESO	EUROS
Tutorías de Grado incluidas en la Adenda	53.484,25 €
Material y Bibliografía Básica	13.500,00 €
Ajuste en “Tutorías y Coordinación”	-2.000,00 €
Ajuste en “Material y Bibliografía”	-3.000,00 €
<b>TOTAL COSTE CURSO DE ACCESO</b>	<b>48.358,00 €</b>

**Grados Universitarios (ADENDA):**

El coste de los grados universitarios incluídos en la adenda al convenio, está ajustado su gasto según el detalle siguiente:

GRADOS UNIVERSITARIOS INCLUIDOS EN LA ADENDA	EUROS
Tutorías de Grado incluidas en la Adenda	53.484,25 €

<i>Bibliografía Básica. Grados Adenda</i>	5.000,00 €
<b>TOTAL COSTE GRADOS INCLUIDOS EN ADENDA</b>	<b>58.484,25 €</b>

*En base a estes novos datos modifícase o cadro financeiro, resultando o seguinte:*

<b>GRADO</b>	<b>2016</b>	<b>2017</b>	<b>2018</b>	<b>2019</b>	<b>2020</b>
Ciencias ambientais	1.674,27	7.813,26	11.161,80	16.742,70	10.045,62
Estudos ingleses	1.675,27	8.929,44	9.301,50	13.022,10	7.813,26
Psicoloxía	1.676,27	10.045,62	11.161,80	16.742,70	13.394,16
Adm on. E Dirección Empresas	1.677,27	8.929,44	9.301,50	13.022,10	7.813,26
Pedagogía	0,00	2.232,36	3.720,60	7.441,20	4.464,72
Xeografía e Historia	558,09	4.464,72	5.580,90	9.301,50	6.697,08
Historia da Arte	1.116,18	6.697,08	7.441,20	11.161,80	6.697,08
Ciencia política e da Administración	1.674,27	8.929,44	9.301,50	13.022,10	7.813,26
Bibliografía	8.000,00	8.000,00	8.000,00	8.000,00	8.000,00
<b>TOTAL NOVOS GRADOS 2016-2020</b>	<b>18.045,62</b>	<b>66.041,36</b>	<b>74.970,80</b>	<b>108.456,20</b>	<b>72.738,44</b>
<b>TITORÍAS E COORD. CURSO ACCESO</b>	37.858,00				
<b>MATERIAL E BIBLIO CURSO ACCESO</b>	10.500,00				
<b>BIBLIOGRAFÍA GRADOS ADENDA</b>	5.000,00				
<b>TITORÍAS GRADOS ADENDA</b>	53.484,25				
<b>TOTAL FINAL A CONSIGNAR</b>	<b>124.887,87</b>	<b>66.041,36</b>	<b>74.970,80</b>	<b>108.456,20</b>	<b>72.738,44</b>

*A cantidade estimada para o ano 2016, correspondente a coordinación, titoría e gastos de material e xestión tanto do curso de acceso como dos grados implantados no curso 2014-2015 e dos novos grados que se iniciarían en setembro de 2016 é, pois, de 124.887,87 €. Nos orzamentos vixentes para este ano, consta a partida 3231.4890000 (transferencia titorías e profesorado aula UNED), cun importe de 100.000,00 €. Á cantidade consignada hai que sumar o saldo existente a favor do Concello de Vigo, na xustificación de gastos da UNED correspondente ao exercicio 2015, de 27.605,56 €.*

### *Competencia*

*No que atinxe a competencia municipal compre ter en conta o informe do Secretario xeral do Pleno de data 24/11/2015, (expediente 16240/332) no que se xustifica a competencia municipal para o aluguer de espazos con destino a sede da Aula do Centro Asociado da UNED en Vigo atendendo ao disposto no artigo 25.1 m) da Ley 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, que entre as competencias municipais recolle a relativa a "Promoción da cultura e equipamentos culturais", e sendo a promoción cultural unha das funcións específicas da UNED segundo recolle o artigo 4.c) do real Decreto 1239/2011 de 8 de setembro, polo que se aproban os Estatutos da UNED.*

*Compre citar a disposición adicional cuarta da Lei do Parlamento de Galicia 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, relativa á asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais, de acordo coa cal: «1. As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios en tanto no se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómica e das facendas locais previsto na mesma».*

*En base a esta disposición adicional en tanto no se dean as condicións previstas para o traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómica e das facendas locais previsto na mesma o concello pode seguir cooperando coa administración educativa na creación, construción e sostemento de centros docentes públicas, por canto con anterioridade a reforma da LRBRL, realizada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, tiña atribuída esta competencia.*

*Cumpridas as condicións fixadas no citado acordo da Xunta de goberno local de 13-12-2013 coa tramitación que se recolle no presente expediente, e tendo en conta os antecedentes citados, corresponde a aprobación definitiva pola Xunta de Goberno Local da implantación progresiva dos novos grados universitarios, e a aprobación do gasto e cadro financeiro subseguinte, en relación cos custos derivados dos compromisos económicos recollidos no convenio vixente entre o Concello de Vigo e o Centro Asociado da UNED elevase a Xunta de Goberno Local a seguinte*

#### PROPOSTA DE ACORDO

*Primeiro.- Aprobar a implantación progresiva na Aula de Vigo, dos seguintes grados universitarios:*

- *Estudos ingleses: lingua e literatura*
- *Administración e Dirección de empresas*
- *Ciencias ambientais*
- *Psicoloxía*
- *Ciencia política e da Administración*
- *Pedagogía*
- *Xeografía e Historia*
- *Historia da Arte*

*Segundo.- Aprobar, para ao exercicio de 2016, o gasto de 124.887,87 €, para financiamento da da Aula UNED Vigo de custos de coordinación, titorías e materiais de: curso de acceso, grados aprobados no curso 2014-2015 e grados aprobados para o seu inicio no curso 2016-2017, con cargo á partida 3231.4890000*

*Terceiro.- Aprobar o seguinte cadro financeiro de transferencias á UNED no período 2016-2020, correspondente aos custos estimados da Aula UNED Vigo nos conceptos de coordinación, titorías e materiais dos cursos de acceso, dos grados aprobados no curso 2014-2015 e dos grados aprobados para o seu inicio no curso 2016-2017:*



GRADO	2016	2017	2018	2019	2020
Ciencias ambientais	1.674,27	7.813,26	11.161,80	16.742,70	10.045,62
Estudos ingleses	1.675,27	8.929,44	9.301,50	13.022,10	7.813,26
Psicología	1.676,27	10.045,62	11.161,80	16.742,70	13.394,16
Adm on. E Dirección Empresas	1.677,27	8.929,44	9.301,50	13.022,10	7.813,26
Pedagogía	0,00	2.232,36	3.720,60	7.441,20	4.464,72
Xeografía e Historia	558,09	4.464,72	5.580,90	9.301,50	6.697,08
Historia da Arte	1.116,18	6.697,08	7.441,20	11.161,80	6.697,08
Ciencia política e da Administración	1.674,27	8.929,44	9.301,50	13.022,10	7.813,26
Bibliografía	8.000,00	8.000,00	8.000,00	8.000,00	8.000,00
<b>TOTAL NOVOS GRADOS 2016-2020</b>	<b>18.045,62</b>	<b>66.041,36</b>	<b>74.970,80</b>	<b>108.456,20</b>	<b>72.738,44</b>
TITORÍAS E COORD. CURSO ACCESO	37.858,00				
MATERIAL E BIBLIO CURSO ACCESO	10.500,00				
BIBLIOGRAFÍA GRADOS ADENDA	5.000,00				
TITORÍAS GRADOS ADENDA	53.484,25				
<b>TOTAL FINAL A CONSIGNAR</b>	<b>124.887,87</b>	<b>66.041,36</b>	<b>74.970,80</b>	<b>108.456,20</b>	<b>72.738,44</b>

*Cuarto.- Dispoñer que nos orzamentos municipais para os exercicios 2017, 2018, 2019 e 2020 se consignen os créditos orzamentarios necesarios para facer fronte aos compromisos de gasto para estes exercicios.*

*Cuarto.- Notificar o presente acordo ao Centro Asociado da UNED en Pontevedra.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(822).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA CARA Á REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS NA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS E DO EQUIPAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS. EXPTE. 18229/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Educación, do 29.07.16, conformado pola concelleira de Educación, que di o seguinte:

*No D.O.G de 26 de xullo de 2016 publícase a ORDE do 13 de xullo de 2016 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e se convocan para o ano 2016 (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020).*

*O concello de Vigo é titular de 8 escalas infantís de 0-3 anos:*

- EIM Santa Cristina
- EIM Atalaia
- EIM Santa Marta
- EIM Costeira
- EIM Tomás A. Alonso
- EIM Bouzas

- EIM Mestres Goldar
- EIM Navia

*Examinada a referida Orde de 13 de xullo de 2016 permite a éste concello optar as axudas reguladas na mesma para mellorar as infraestruturas e equipamentos das escoas infantís de titularidade do concello de Vigo.*

*En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:*

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

*Aprobar a solicitude de subvención á consellería de política social para a mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 anos dependentes do Concello de Vigo por importe de 35.000 € (20.000 € para realización de obras e 15.000 € para compra de equipamento e a integración das novas tecnoloxías na aula).*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(823).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AVCD "MONTE DA MINA" DE CASTRELOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES. EXPTE. 7354/320.**

Visto o informe xurídico de data 15.07.16 e o informe de fiscalización do 20.07.16, dáse conta do informe-proposta do 15.07.16, asinado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro delegado de dita Área e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 22/04/2016, D. Juan Freiría Barros, en calidade de presidente da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos (CIF: G-36623593), segundo certificación do secretario da entidade de data 19/04/16, achegou escrito (doc. 160051523), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades programados para o ano 2016, a realizar entre os meses de xaneiro a outubro, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións.*

*Conforme a solicitude data 19/04/16, será competente para a sinatura do convenio o presidente da asociación, de conformidade co art. 19 dos seus Estatutos "...exercerá con plenas atribucións a representación da mesma".*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

## COMPETENCIA MUNICIPAL

*Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administración de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conteno financiamento adecuado.*

*O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.*

*Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:*

1. Ano 2015: expte. 6987/320
2. Ano 2014: expte. 6580/320
3. Ano 2013: expte. 6112/320
4. Ano 2012: expte. 5769/320
5. Ano 2011: expte. 5141/320
6. Ano 2010: expte. 4718/320
7. Ano 2009: expte. 4355/320
8. Ano 2008: expte. 3583/320
9. Ano 2006/07: expte. 3090/320
10. Ano 2005/06: expte. 812/321

## RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

*No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as*

súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerá polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como á resolución dos procedementos incoados”. Por último, en virtude do disposto no apartado 4.17º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases específicas reguladoras da concesión de calquera tipo de subvención ou axuda municipal destinada ao fomento das actividades de utilidade pública ou interese social, así como a proposta de resolución dos expedientes incoados.

#### **MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA**

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2016) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 09/12/2015, inclúe expresamente a partida 9240 4890009 “Convenio Asociación Monte da Mina”, cunha dotación de 9.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Asociación Veciñal Cultural e Deportiva Monte da Mina”, figura inscrita no Rexistro

Municipal de Asociacións (RMA) co nº 6/87 segundo resolución da Alcaldía de data 09/03/1987.

#### OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto do convenio e o fomento das actividades programadas a realizar pola entidade entre os meses de xaneiro e outubro de 2016, mediante a contribución nos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento daquelas, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, cuxa ocupación completa se estima que se produza ao longo do exercicio, dado o elevado número de peticións de espazos formuladas por entidades asociativas de diversa índole, para o desenvolvemento, por aquelas, dunha gran variedade de proxectos, actividades ou servizos cuxa execución redunda en beneficio da comunidade veciñal.

No art. 3 dos Estatutos da entidade enuméranse, os fins e principios que constitúen o seu obxecto social, cuxa realización se subvenciona con este convenio, todos eles de interese para a cidadanía viguesa.

Nos termos contemplados no art. 72 LRBRL, "as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños, facilitándolle a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades, impulsando a súa participación na xestión da Corporación...".

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovelas activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nº 9240.4890009 denominada "Convenio Asociación Monte da Mina" nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

#### CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

O vixente exercicio presupostario (2016) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 09/12/2015, inclúe expresamente a partida 9240 4890009 "Convenio Asociación Monte da Mina", cunha dotación de 9.000,00 €.

#### DOCUMENTACIÓN

A A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 29/06/16
  - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 24/05/16
  - Seguridade Social, de data 24/05/16
  - Concello de Vigo, de data 26/04/16

2. Declaración responsable da presidenta da entidade, de data 30/05/16, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio e nomeamento da persoa responsable da sinatura do convenio (anexo I).
2. Declaración responsable e autorización (anexo II).
3. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo III).
4. Certificación bancaria do número de conta da entidade ou asociación.
5. Contrato de aluguer do local social (só no suposto de locais alugados).
6. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
  - a) Fundamentación, obxectivos e metas
  - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización, participantes asistentes
  - c) Lugar de realización
  - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
  - e) Recursos humanos e materiais
  - f) Sistemas de avaliación, etc.

7. Proxecto de actividades da entidade para o ano 2015, realizadas e previstas, para cuxo desenvolvemento, e para a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos seus gastos de mantemento entre os meses de xaneiro a outubro. O orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (xaneiro-outubro 2016)	
Luz	390,00 €
Auga	75,00 €
Combustible de calefacción	336,00 €
Teléfono	82,00 €
Gastos de administración	390,00 €
IBI	11.695,00 €
TOTAL	12.968,00 €

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

#### ANTICIPO

Atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houbesen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

Por este motivo, no momento da solicitude de anticipo, a beneficiaria deberá achegar declaración responsable, de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias deste precepto.

#### PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio despreza a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de outubro de 2016, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/01/16 e o 31/10/16, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o 9 de novembro de 2016.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa presentarase en calquera dos lugares previstos no art. 38.4 da Lei 30/92, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES40 2080 5073 093040002195 (ABANCA), segundo código de conta cliente de data 27/01/2016, emitido pola entidade bancaria.

#### NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos presuposto.

#### RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 20.2 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18º da Resolución de delegacións do alcalde de data 19/06/2015, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO



*PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 9.000 € (nove mil euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.4890009, denominada "Convenio Asociación Monte da Mina", incluída no vixente orzamento municipal de 2016, a favor de Asociación Veciñal, Cultura e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos.*

*SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos (CIF.- G-36623593), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e a realizar pola entidade entre os meses de xaneiro a outubro de 2016, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento e para a coordinación e xestión pola entidade do viveiro de asociacións nas súas instalacións, e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 9.000 € (nove mil euros).*

*TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA "MONTE DA MINA" DE CASTRELOS PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DA ENTIDADE NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES ENTRE OS MESES DE XANEIRO A OUTUBRO DE 2016, ASÍ COMO, PARA A COORDINACIÓN E XESTIÓN DUN VIVIEIRO DE ASOCIACIÓNS NAS SÚAS INSTALACIÓNS*

*En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezaseis*

### **REUNIDOS**

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D. Juan Freiría Barros, con DNI 35967067N, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos (CIF.- G-36623593) con domicilio social en Monte da Mina, 16 Castrelos-Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expediente núm. 7354/320.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

#### MANIFESTAN

*I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis*

*do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.*

*II.- Que o Concello de Vigo, a través da área de Participación Cidadá, recibe múltiples solicitudes de diversas asociacións municipais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións para ser dotadas dun espazo físico onde desenvolver as súas xuntanzas, reunións e actividades.*

*Para levar adiante o compromiso de apoio ao tecido asociativo, o Concello de Vigo, ten necesidade de infraestruturas básicas que fagan posible a instalación de Viveiros de Asociacións, polo que se avalía moi positivamente a colaboración que presta a A.V.C.D "Monte da Mina" de Castrelos ao ceder parte das instalación do seu local social para o uso de outras asociacións.*

*Na vontade de afondar nas súas relacións o Concello de Vigo e a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, mediante este convenio, establecen as canles de colaboración para coordinar e xestionar o Viveiro de Asociacións creado nas instalacións da A.V.C.D. Monte da Mina, así como, as accións encamiñadas ao fomento das actividades da propia asociación que redundan en beneficio de toda a veciñanza.*

III.- Que a entidade A.V.C.D "Monte da Mina" de Castrelos", de conformidade co art. 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- A consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da nosa parroquia un lugar digno onde vivir e convivir.
- A reivindicación constante dunha maior participación cidadá nas cuestións públicas.
- A mellora da calidade de vida e a existencia dunha mellor participación da veciñanza en tódalas decisións que lle atinxa.
- A desaparición dos desequilibrios entre barrios.
- A defensa permanente dos dereitos da terceira idade, dos nenos/as e de todas aquelas persoas especialmente marxinadas e asoballadas, na procura de que na nosa parroquia haxa lugares onde se poida xogar, educar, xuntar e convivir.
- A defensa dos dereitos das mulleres e dos homes, dentro e fora da asociación, e a denuncia dos malos tratos.
- A defensa do idioma galego, que será utilizado a nivel oficial pola asociación.
- A defensa da calidade da veciñanza en todos os seus eidos (alimentos, auga, aire libre, colexios, vivendas, sanidade pública, cultura, deporte, etc...)

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 09/03/87, a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 6/87.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos leve a cabo as actividades sociocomunitarias e socioculturais planificadas e a realizar entre os meses de xaneiro a outubro de 2016, segundo memoria achegada, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións, creado no ano 2005 mediante convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a referida entidade, nas súas instalacións, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890009, denominada "Convenio Asociación Monte da Mina", nominativa a favor da entidade, cunha consignación presupostaria de 9.000 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades entre os meses de xaneiro a outubro

de 2016, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, cuxa contía total, na parte proporcional, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (xaneiro-outubro 2016)	
Luz	390,00 €
Auga	75,00 €
Combustible de calefacción	336,00 €
Teléfono	82,00 €
Gastos de administración	390,00 €
IBI	11.695,00 €
TOTAL	12.968,00 €

VIII.- Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos non incorre en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociocultural, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade "A.V.C.D. Monte da Mina de Castrelos" comprométese a colaborar coa concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo para garantir a continuidade do Viveiro de Asociacións instalado nas seu local social, e concretamente:

1. A por a disposición do Concello de Vigo os espazos que deseguido se relacionan:

Planta 1ª

Local	Medidas	Superficie
Sala de lecturas	14, 60 x 7,40	108,04 m <sup>2</sup>
Sala de xuntas	5,45 x 5,80	31,61 m <sup>2</sup>

Primeiro soto

<i>Local</i>	<i>Medidas</i>	<i>Superficie</i>
<i>Núm. 1</i>	<i>9,60 x 5,60</i>	<i>53,76 m<sup>2</sup></i>
<i>Núm. 2</i>	<i>2,20 x 5,60</i>	<i>12,32 m<sup>2</sup></i>
<i>Núm. 3</i>	<i>6,00 x 8,10</i>	<i>48,60 m<sup>2</sup></i>
<i>Núm. 4</i>	<i>2,90 x 6,38</i>	<i>18,49 m<sup>2</sup></i>
<i>Núm. 5</i>	<i>6,00 x 6,65</i>	<i>39,90 m<sup>2</sup></i>
<i>Núm. 6</i>	<i>9,00 x 3,60</i>	<i>32,40 m<sup>2</sup></i>
<i>Núm. 7</i>	<i>6,10 x 5,40</i>	<i>32,94 m<sup>2</sup></i>
<i>Núm. 11</i>	<i>5,35 x 4,30</i>	<i>22,90 m<sup>2</sup></i>

*A utilización dos locais do primeiro soto, farase en réxime de exclusividade por aquelas asociacións beneficiarias da súa cesión en uso conforme aos criterios de selección establecidos polo Concello de Vigo, mentres que a utilización da Sala de Lectura e Xuntas da primeira planta estará en réxime compartido, previa solicitude das asociacións integradas no Viveiro de Asociación.*

- 2. Xestionar as autorizacións necesarias para a cesión en uso dos espazos comúns.*
- 3. Xestionar o cobro da cota de participación nos gastos de mantemento das instalacións, xa que, os gastos ocasionados polo seu uso serán asumidos polas asociacións integradas no*
- 4. Viveiro de Asociacións. A porcentaxe de participación de cada unha delas será establecida pola Comisión de Seguimento.*
- 5. Desenvolver as actividades programadas pola entidade para os meses de xaneiro a outubro de 2016, conforme a proxecto achegado.*
- 6. Participará de forma activa na Comisión de Seguimento prevista neste Convenio.*
- 7. Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades que desenvolven cun carácter estable ao longo do ano.*
- 8. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.*
- 9. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades programadas.*
- 10. Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.*
- 11. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade posible, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo.*
- 12. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

- 1. Establecer os mecanismos de selección das entidades beneficiarias da cesión en uso dos locais postos a disposición do Concello de Vigo por parte da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.*

2. Conceder directamente á entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos unha subvención por importe de 9.000 € (nove mil euros), con cargo a partida orzamentaria nominativa nº 9240. 4890009, denominada "Convenio Asociación Monte da Mina", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades programados e a realizar entre xaneiro e outubro de 2016, así como, para a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, en definitiva, para o fomento das súas actividades, do asociacionismo e da participación cidadá.

Considéranse gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o seu normal desenvolvemento, tales como: gastos de administración, mantemento das instalacións, subministros (teléfono, auga, luz, combustible...), tributos aboados efectivamente polo beneficiario da subvención, etc...

2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto

no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, última modificación 20 de maio de 2016.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2016.

Oitavo.- Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de seguimento integrada por:

1. Representantes do Concello de Vigo:
  - O concelleiro de Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, que ostentará a Presidencia.
  - O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá.
2. Representantes do A.V.C.D. "Monte da Mina":
  - Presidente da asociación.
  - Secretario da asociación que actuará como secretario da comisión.
3. Viveiro de Asociacións:
  - Un representante de cada unha das asociacións participantes.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase po la A.V.C.D. "Monte da Mina" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta

xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 9 de novembro de 2015.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) *Solicitud de abono da subvención.*

b) *Memoria descriptiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- 2. Datas e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación*
- 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento*

c) *Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no*

*seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificables e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

*A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.*



d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas

*físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.*
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado*

*e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.*

*f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.*

*g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:*

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*

- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES40 2080 5073 09 3040002195 (ABANCA)

Décimo primeiro.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non incorrer en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa A.V.C.D. "Monte da Mina".

Décimo segundo- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2016, no período comprendido entre o 01/01/16 e o 31/10/16.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

*Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.*

*Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.*

*Vixésimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2016, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2016.*

*Polo Concello de Vigo:  
O Alcalde,*

*Abel Caballero Álvarez*

*Pola Asociación Veciñal, Cultural  
e Deportiva "Monte da Mina":*

*O presidente,  
Juan Freiría Barros*

**10(824).- CORRECCIÓN ERRO ACORDO XGL DO 15/07/16 NO EXPTE. 28270/220, DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DAS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN DOS SERVIZOS DE VÍAS E OBRAS E PARQUE MÓBIL. EXPTE. 28444/220.**

*Dáse conta do informe-proposta de data 21.07.16, asinado pola técnica de Admón. Xeral e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:*

*A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 15/07/2016, acordou recoñecer e aboar as Brigadas de Pavimentación do Parque Móbil e de Vías e Obras, un complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de Maio-2016, por un importe total de 783,96 €.*

*Advertido erro nas cantidades incluídas nos cadros onde se relaciona o persoal que debe percibir o complemento de produtividade que figuran no informe-proposta da Área de Recursos Humanos do 30/06/2016 que consta no expediente, resulta procedente a súa rectificación se ben a cantidade total a aboar é correcta, non resultando alterada a suma total que foi aprobada pola Xunta de Goberno Local.*

*De conformidade co disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*

*En consecuencia, e ao abeiro das competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta por delegación da Excma. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte:*

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

*"Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro mecanográfico detectado no Informe-proposta da Área de*

Recursos Humanos e Formación de data de 30/06/2016, e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/07/2016 (Expte. 28270/220- Complemento de Productividade por toxicidade das Brigadas de Pavimentación do Parque Móbil e de Vías e Obras correspondente ao mes de Maio-2016), e que deberá figurar segundo se especifica:

**SERVIZO DE VÍAS E OBRAS**

<i>Nº Persoal</i>	<i>Apelidos e nome</i>	<i>Importes</i>
17390	Alonso Cue, Miguel Angel	62,04 €
81662	Barros González, Delio	95,88 €
17360	Bastos Román, Jesús	95,88 €
76566	López Rivera, Juan Ramón	90,24 €
17408	Rodríguez Rocha, Rodrigo	90,24 €
<b>TOTAIS</b>		<b>434,28 €</b>

**SERVIZO DO PARQUE MOBIL**

<i>Nº Persoal</i>	<i>Apelidos e nome</i>	<i>Importes</i>
15881	Alonso Iglesias, Manuel	39,48 €
15496	Andujar Picans, Fernando C.	84,96 €
17331	Comesaña Pérez, Hipólito	90,24 €
14953	Fernández Rodríguez, Manuel	90,24 €
16142	Martíns Fernández, Juan A.	39,48 €
13221	Prieto Domínguez, Florentino	5,64 €
<b>TOTAIS</b>		<b>349,68 €</b>

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(825).- DAR CONTA: RELACIÓN DE RESOLUCIÓN ASINADAS POLO CONCELEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

**12(826).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO CULTURA. EXPTE. 928/330.**

Dáse conta do informe-proposta de data 2.08.16, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

*En cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, no mes de XUÑO de 2016.*

SERVIZO: Área de Cultura

EXPTE	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	TERCERO
776/330	07/06/16	CONTRATAÇÃO DA PRESTACIÃO DE SERVIZOS DE DIRECCIÃO ARTÍSTICA E COORDINACIÃO DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ IMAXINA SONS'16	3340.227.99.00	52375	5.142,50 €	Lucía Martínez Alonso
842/330	02/06/16	CONTRATAÇÃO DOS SERVIZOS DE COMUNICACIÃO E DIFUSIÃO XERAL DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'16"	3340.227.99.00	60108	15.000,00 €	Van Divulgación Cultural, S.L.
862/330	14/06/16	CONTRATAÇÃO DOS CONCERTOS DE NANI GARCÍA TRÍO E AKI TAKASE NO AUDITORIO MUNICIPAL DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINASONS'16"	3340.226.09.04	62889	10.769,00 €	Solimusic Events, S.L.U.
863/330	14/06/16	CONTRATAÇÃO DO CONCERTO DA ORQUESTRA DE JAZZ DE MATOSINHOS NO AUDITORIO MUNICIPAL DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINA SONS'16"	3340.226.09.04	62890	12.221,00 €	Solimusic Events, S.L.U.
864/330	14/06/16	CONTRATAÇÃO DO CONCERTO DO ARTISTA "MASAA", NO AUDITORIO MUNICIPAL, DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINA SONS'16"	3340.226.09.04	62892	7.260,00 €	Producción e Xestión Cultural, S.L.
865/330	14/06/16	CONTRATAÇÃO DO CONCERTO DO ARTISTA "HERMETO PASCOAL & GRUPO", NO AUDITORIO MUNICIPAL, DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINA SONS'16"	3340.226.09.04	62891	20.570,00 €	Producción e Xestión Cultural, S.L.
868/330	14/06/16	CONTRATAÇÃO DE TRES CONCERTOS DOS ARTISTAS "ROBERTO OLIVEIRA" "FRANK GRATKOWSKI" E "FRONTTON", NO SALÓN DE ACTOS DO MARCO, DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINA SONS'16"	3340.226.09.04	62893	7.925,50 €	María Josefa Mariño Carreira
869/330	14/06/16	CONTRATAÇÃO DO CONCERTO DO ARTISTA "JULIA HÜLSMANN", NO AUDITORIO MUNICIPAL, DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINA SONS'16"	3340.226.09.04	62886	10.043,00 €	Sacaferro, S.L.

EXPTE	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
870/330	14/06/16	CONTRATACIÓN DE TRES CONCERTOS DOS ARTISTAS "PEDRO NEVES" "GIRLS IN AIRPORTS" E "KIN GARCIA", NA RÚA LONDRES, DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINA SONS'16"	3340.226.09.04	62887	14.036,00 €	Sacaferro, S.L.
873/330	22/06/16	CONTRATACIÓN DAS ACTIVIDADES PARALELAS DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'16"	3340.226.09.04	65198	12.100,00 €	Van Divulgación Cultural, S.L.
878/330	30/06/16	GASTOS VARIOS E IMPREVISTOS DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'16"	3340.226.09.04	66920	6.000,00 €	XENÉRICO
880/330	30/06/16	CONTRATACIÓN DOS EQUIPOS DE SON E BACKLINE PARA O FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINA SONS'16"	3340.227.99.00	67729	12.826,00 €	kachet Loxística, S.A.
881/330	29/06/16	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PRODUCCIÓN TÉCNICA E PERSOAL AUXILIAR PARA O FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINA SONS'16"	3340.227.99.00	67571	16.335,00 €	Luz Puntual, S.L.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **13(827).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 1597/341.**

Dáse conta do informe-proposta de data 2.08.16, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

*En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2016, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341), Verbum (340) e Museos Quiñones de León (337) no mes de XULLO, e que son os que deseguido se relacionan:*

#### XULLO 2016

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
MUSEOS (341)	Expte. 1556-341. Contrato privado para o seguro das obras da exposición "Magical Girls" - Noite Branca 2016 na Casa das Artes. AXA ART. RCM 67992.	01/07/16	265,38 €



CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
MUSEOS (341)	Expte. 1579-341. Subministración de material gráfico para difusión de actividades da NOITE BRANCA e programación de exposicións de temática MULLER. ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. RCM 70182.	13/07/16	6.011,47 €
MUSEOS (341)	Expte. 1549-341. ELABORACIÓN DE GUÍAS DE VISITA A EXPOSICIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO MUNICIPAL OU TEMPORAIS 2016. (CONCELLERÍA DE CULTURA). BEATRIZ LIZ DE CEA//VAN DIVULGACIÓN CULTURAL// HERMINIA RODRÍGUEZ PÉREZ//ELISA PEREIRA GARCÍA// DATA GESTIÓN CULTURAL, S.L. RCM 70161	13/07/16	12.386,91 €
VERBUM (340)	Expte. 2532-340. Contrato REALIZACIÓN DE MANTENIMENTOS E REPARACIÓN NO PERCORRIDO DE EVACUACIÓN E NO LOCAL DESTINADO AO SERVIZO DE CAFETERÍA DO VERBUM.  Adxudicatario: AYCAR PROYECTOS E INSTALACIONES, S.L. RCM 70370. PARTIDA: 3330.212.00.00	14/07/16	3.100,02 €
VERBUM (340)	Expte. 2533-340. Contrato REPARACIÓN DO ENTARIMADO SITUADO NA TERRAZA DO VERBUM-CASA DAS PALABRAS.  Adxudicatario: JOSÉ MANUEL MUIÑOS RODRÍGUEZ *OSIGAL*. RCM 73037. PARTIDA: 3330.212.00.00	22/07/16	9.680,00 €
QUIÑONES (337)	Expte. 5713/337. Prórroga pólizas seguros préstamo temporal obras expo temporal PINACOTECA FFR. AXA ART. RCM 70147	13/07/16	318,44 €
QUIÑONES (337)	Expte. 5722-337. Servizo de catalogación de pezas para exposición "A procura da beleza". BEATRIZ LIZ DE CEA. RCM 70673.	18/07/16	895,40 €
QUIÑONES (337)	Expte. 5712-337. Contrato menor para DESMONTAXE exposición "Estrano Cotián" na Pinacoteca. DAEXGA SERVICIOS INTEGRALES DE GALICIA, S.L. RCM 70672.	18/07/16	1.441,47 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**14(828).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez